

RESOLUCIÓN DE PRÓRROGA DE CONCESIÓN DE OCUPACIÓN DE TERREOS DE DOMINIO PÚBLICO MARÍTIMO-TERRESTRE CON DESTINO A UN GALPÓN E UNHA TUBAXE DE TOMA DE AUGA DE MAR, NO TERMO MUNICIPAL DE SANXENXO (PONTEVEDRA)

**Expediente: C-853-Pontevedra (CNC02/97/36/0089)
CONC-PO-2025-020**

Examinada a documentación que consta no expediente de prórroga extraordinaria prevista no artigo 2 da Lei 2/2013, do 29 de maio, de protección e uso sostible do litoral e de modificación da Lei 22/1988, do 28 de xullo, de costas, da concesión da que é titular Amalia Vidal Iglesias, outorgada inicialmente a Salvador Vidal Santos por Orde Ministerial do 16.11.1962 para a ocupación de terreos de dominio público con destino a un galpón e unha tubaxe de toma de auga de mar, no termo municipal de Sanxenxo (Pontevedra), figuran no Servizo do Litoral de Pontevedra os seguintes

I. ANTECEDENTES

1. Por Orde Ministerial (OM) do 16.11.1962 outorgouse a Salvador Santos unha concesión para a ocupación de terreos de dominio público marítimo-terrestre con destino a construír un galpón e unha tubaxe de auga de mar (de 80 ml), no termo municipal de Sanxenxo (Pontevedra).

A licenza e a concesión outorgáronse a título precario polo que, de acordo coa Lei 22/1988, do 28 de xullo, de costas, o vencemento da mesma se produciría o 29.07.2018.

Nas prescricións da citada OM de outorgamento figuraba a obriga do concesionario de realizar *"las obras precisas para dejar una zona de seis metros de ancho por los lados este, sur y oeste del galpón. Las obras consistirán en la ejecución de un muro cuya coronación esté situada en la cota +5; su paramento exterior tendrá el talud de un décimo y el interior será escalonado con retallos de treinta centímetros por cada metro de altura. La superficie entre el muro y el galpón será rellenada a la cota +5, o sea, la de coronación del muro"*.

Con iso, a ocupación total da concesión é de 240 m², dos cales 160 m² corresponden á explanada construída e parte do galpón, e 80 m² ás tubaxes de captación.

2. O 31.03.2017, Salvador Vidal Santos solicitou á modificación-ampliación a 279,5 m² da concesión administrativa, consistente na construción de 2 novas tubaxes de aspiración, unha de vertido e mantemento da explanada existente, baixo a cal se encontran parte das instalacións da cetaria. Achegan documento "Proyecto

**DIRECCIÓN XERAL DE ENERXÍAS RENOVABLES E CAMBIO CLIMÁTICO
CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE E CAMBIO CLIMÁTICO**

Edificio Administrativo San Lázaro, s/n
15781 Santiago de Compostela
dxercc.medioambiente@xunta.gal
www.xunta.gal





Descriptivo: de las modificaciones y mejoras a realizar en una cetárea dotada de cocedero para productos de la pesca y de la acuicultura" suscrito polo enxeñeiro industrial Pedro Pereiro Figueiras en marzo do 2017. A modificación supón un aumento da superficie ocupada do 100%. O orzamento de execución material ascende a 70.834,57 €.

3. O 30.05.2017, Salvador Vidal Santos presentou no Servizo Provincial de Costas de Pontevedra unha solicitude da prórroga extraordinaria prevista no artigo 2 da Lei 2/2013, do 29 de maio. Coa solicitude achegou documentación acreditativa da identidade do peticionario e declaración responsable de que as instalacións, así como as obras realizadas durante a vixencia do título concesional, se axustan ao previsto no seu obxecto, condicións y prescricións.

4. Por OM do 15.10.2020 autorizouse a transferencia da concesión a favor de Josefina Iglesias Gómez e Amalia Vidal Iglesias quedando subrogados os novos concesionarios en todos os dereitos e obrigas do anterior concesionario.

5. O 18.06.2021, realizouse o trámite de audiencia, de conformidade co artigo 82.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, para que dentro do mesmo puidesen examinar o expediente e presentar, tamén dentro deste mesmo prazo, os escritos, documentos e probas que estimasen convenientes, en base a que os artigos 32 e 61 da Lei 22/1988, do 28 de xullo, e o seu regulamento respectivamente, establecen que unicamente se pode permitir a ocupación do dominio público marítimo-terrestre por aquelas actividades ou instalacións que, pola súa natureza, non poidan ter outra localización, concretando que esas actividades ou instalacións son as que desempeñan unha función ou presten un servizo que, polas súas características, requira a ocupación do dominio público marítimo-terrestre e as de servizo público ou ao público que, pola configuración física do tramo de costa en que resulte necesario o seu emprazamento, non poidan localizarse nos terreos colindantes co dito dominio, ademais de esixir que en todo caso a ocupación debe ser a mínima posible, polo que a ocupación en cuestión non parece cumprir con eses requisitos.

6. O 29.07.2021 recíbense as alegacións presentadas por Josefina Iglesias Gómez e Amalia Vidal Iglesias nas que, en síntese, describen o funcionamento dunha cetaria, xustifican a necesidade de dispoñer de auga de mar, sinalando que a servidume de tránsito está garantida e, para xustificar o cumprimento dos artigos 32 e 61 da Lei 22/1988, do 28 de xullo, indican a necesidade da captación de auga de mar.

7. O 11.08.2021, trasládase informe a Augas de Galicia, suspendendo o prazo para a emisión do informe previsto no artigo 156 do Regulamento Xeral de Costas en relación á solicitude de modificación-ampliación da concesión administrativa consistente na construción de dúas novas tubaxes de aspiración, unha de vertido e





mantemento da explanada existente, mentres non se resolvase o expediente sobre a prórroga extraordinaria da concesión.

8. O Real Decreto 79/2019, do 22 de febreiro, polo que se regula o informe de compatibilidade e se establecen os criterios de compatibilidade coas estratexias mariñas, establece no seu artigo 3.2 que se debe emitir informe de compatibilidade nos supostos de renovación ou prórroga, entre outras, da execución de obras ou instalacións nas augas mariñas, o seu leito ou subsolo, ben a colocación ou depósito de materias sobre o fondo mariño, así como aos vertidos que se desenvolvan en calquera das cinco demarcacións mariñas. A competencia é da Subdirección Xeral para a Protección do Mar, da Dirección Xeral da Costa e o Mar, do Ministerio para a Transición Ecolóxica e o Reto Demográfico.

A Subdirección Xeral para a Protección do Mar, emitiu o 12.08.2024 informe de compatibilidade favorable, no que recolle o seguinte:

“A la vista de la documentación e información disponible, se observa que los efectos de la actuación sobre los objetivos ambientales de la estrategia marina de la Demarcación Marina Noratlántica, en principio, no pondrá en riesgo la consecución del buen estado ambiental. Así, de acuerdo con el artículo 7.2 del Real Decreto 79/2019, de 22 de febrero, modificado por el Real Decreto 218/2022, de 29 de marzo se emite informe de compatibilidad favorable.

El presente Informe de Compatibilidad se ciñe exclusivamente sobre las infraestructuras ubicadas en el medio marino, y que forman parte de la instalación que está inmersa en un procedimiento de prórroga. Por lo que se trata de un trámite administrativo que no implicará la ejecución de ninguna obra o actuación nueva en el medio marino.

No obstante, si en un futuro se derivase la necesidad de ejecución de nuevas obras o instalaciones en el ámbito de la demarcación marina Noratlántica, será de aplicación lo establecido en el artículo 3.3 de la Ley 41/2010, de 29 de diciembre, de protección del medio marino y en el Real Decreto 79/2019, de 22 de febrero, modificado por el Real Decreto 218/2022, de 29 de marzo, por el que se regula el informe de compatibilidad y se establecen los criterios de compatibilidad con las estrategias marinas.

Según lo establecido en el artículo 10.1 del Real Decreto 79/2019, de 22 de febrero este informe tendrá un periodo de vigencia de cuatro años desde su notificación. Del mismo modo, el artículo 10.3 establece que el período de vigencia del informe concluirá antes de transcurrir cuatro años desde su dictado, cuando se produzca la extinción del título administrativo de ocupación del dominio público marítimo-terrestre o de la autorización o aprobación que ampare la actuación sujeta al informe.”

DIRECCIÓN XERAL DE ENERXÍAS RENOVABLES E CAMBIO CLIMÁTICO
CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE E CAMBIO CLIMÁTICO

Edificio Administrativo San Lázaro, s/n
15781 Santiago de Compostela
dxercc.medioambiente@xunta.gal
www.xunta.gal





9. O 26.06.2025, a Dirección Xeral da Costa e do Mar, do Ministerio para a Transición Ecolóxica e o Reto Demográfico, ditou resolución de sometemento á aceptación de Josefina Iglesias Gómez e Amalia Vidal Iglesias das condicións e prescricións polas que se podería outorgar a prórroga extraordinaria prevista no artigo 2 da Lei 2/2013, do 29 de maio, da concesión outorgada inicialmente a Salvador Vidal Santos por OM do 16.11.1962 para a ocupación de terreos de dominio público marítimo-terrestre con destino a un galpón e unha tubaxe de toma de auga de mar, no termo municipal de Sanxenxo.

10. O 30.06.2025, o Servizo Provincial de Costas de Pontevedra somete as condicións e prescricións polas que se podería outorgar a prórroga extraordinaria prevista no artigo 2 da Lei 2/2013, do 29 de maio, da concesión outorgada inicialmente a Salvador Vidal Santos por OM do 16.11.1962 para a ocupación de terreos de dominio público marítimo-terrestre con destino a un galpón e unha tubaxe de toma de auga de mar, no termo municipal de Sanxenxo, a Josefina Iglesias Gómez e Amalia Vidal Iglesias.

11. O 28.07.2025, Amalia Vidal Iglesias achega o certificado de defunción de Josefina Iglesias Gómez e acepta as condicións para o outorgamento da concesión.

12. O 30.07.2025 Augas de Galicia traslada ao Servizo Provincial de Costas de Pontevedra, do Ministerio para a Transición Ecolóxica e o Reto Demográfico, unha copia da aceptación por parte de Amalia Vidal Iglesias dos condicionantes establecidos, e solicita que se lle remita a resolución de ocupación do dominio público marítimo-terrestre aos efectos de proceder á resolución do expediente.

13. O 23.09.2025, o Servicio Provincial de Costas de Pontevedra, do Ministerio para a Transición Ecolóxica e o Reto Demográfico, remite ao Servizo do Litoral de Pontevedra desta consellería unha copia do expediente de referencia, ao abeiro do Real Decreto 394/2025, do 13 de maio, de traspaso de funcións e servizos da Administración do Estado á Comunidade Autónoma de Galicia en materia de ordenación e xestión do litoral.

14. Na resolución da Dirección Xeral da Costa e do Mar, do Ministerio para a Transición Ecolóxica e o Reto Demográfico, do 26.06.2025, de sometemento á aceptación de Josefina Iglesias Gómez e Amalia Vidal Iglesias das condicións e prescricións polas que se podería outorgar a prórroga extraordinaria prevista no artigo 2 da Lei 2/2013, do 29 de maio, advertiuse un erro material na condición particular primeira, relativa o prazo de duración da prórroga.

15. O 12.06.2026, trasladouse a Augas de Galicia o informe favorable do 12.06.2026, do Servizo do Litoral de Pontevedra desta consellería, para someter á aceptación de Amalia Vidal Iglesias as condicións e prescricións polas que se podería outorgar a prórroga da concesión da que é titular, outorgada inicialmente a Salvador Vidal





Santos por Orde Ministerial do 16.11.1962 para a ocupación de terreos de dominio público marítimo-terrestre con destino a un galpón e unha tubaxe de toma de auga de mar, no termo municipal de Sanxenxo (Pontevedra), ao abeiro do artigo 2 da Lei 2/2013, do 29 de maio.

16. O 26.06.2026, Augas de Galicia trasladou a esta dirección xeral a aceptación de Amalia Vidal Iglesias, do 19.06.2026, das condicións e prescricións propostas, e solicitou a remisión da resolución de ocupación do dominio público marítimo-terrestre, aos efectos de proceder á resolución do expediente, de conformidade co Regulamento xeral de costas.

II. FUNDAMENTOS DE DEREITO

II.1. Competencia para resolver

O artigo 48.1 da Lei 4/2023, do 6 de xullo, de ordenación e xestión integrada do litoral de Galicia (DOG núm. 133, do 13.06.2023), establece que, respectando o réxime xeral establecido na normativa de costas, as autorizacións e concesións do dominio público marítimo-terrestre serán outorgadas polas consellerías competentes no momento no que se produza o efectivo traspaso de funcións e servizos da Administración xeral do Estado á Comunidade Autónoma de Galicia en materia de ordenación do litoral.

O 19.05.2025 publicouse o Real decreto 394/2025, do 13 de maio, de traspaso de funcións e servizos da Administración do Estado á Comunidade Autónoma de Galicia en materia de ordenación e xestión do litoral, en virtude do cal quedan traspasadas a esta comunidade as ditas funcións e servizos; nomeadamente, a xestión das concesións demaniais, que inclúe, en todo caso, o seu outorgamento, renovación, prórroga, modificación e extinción (BOE núm. 120, do 19.05.2025).

De conformidade co disposto no Decreto 50/2025, de 30 de xuño, a Comunidade Autónoma de Galicia asumiu as funcións e os servizos traspasados pola Administración do Estado en materia de ordenación e xestión do litoral (DOG núm. 124, do 01.07.2025).

A competencia para resolver a solicitude presentada correspóndelle á Dirección Xeral de Enerxías Renovables e Cambio Climático da Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático, de conformidade co disposto no artigo 11.1.b) do Decreto 137/2024, do 20 de maio, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático (DOG núm. 101, do 27.05.2024), modificado polo Decreto 192/2024, do 9 de decembro (DOG núm. 238, do 11.12.2024), e polo Decreto 106/2025, do 11 de novembro (DOG núm. 228, do 25.11.2025); e na disposición transitoria única do Decreto 50/2025, do 30 de xuño, segundo o cal, no

DIRECCIÓN XERAL DE ENERXÍAS RENOVABLES E CAMBIO CLIMÁTICO
CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE E CAMBIO CLIMÁTICO

Edificio Administrativo San Lázaro, s/n
15781 Santiago de Compostela
dxercc.medioambiente@xunta.gal
www.xunta.gal





ámbito da consellería con competencias en materia de ordenación do litoral, correspóndelles aos servizos provinciais do litoral a tramitación e proposta de resolución dos procedementos de concesión demanial de ocupación no dominio público marítimo-terrestre e á persoa titular da dirección xeral con competencias en materia do litoral a súa resolución.

II.2. Marco xurídico

1. O expediente de prórroga tramítase conforme aos artigos 172 e seguintes do Regulamento Xeral de Costas, que desenvolve o réxime das prórrogas extraordinarias das concesións ás que se refire o artigo 2 da Lei 2/2013, do 29 de maio, de protección e uso sostible do litoral e de modificación da Lei 22/1988, do 28 de xullo, de costas.

A peticionaria achegou a documentación requirida no artigo 176 do Regulamento Xeral de Costas.

2. Polo que respecta a ocupación das instalacións ás que pretenden dar servizo as tubaxes, os artigos 32 e 61 da Lei 22/1988, do 28 de xullo, e o seu regulamento respectivamente, establecen que unicamente se pode permitir a ocupación do dominio público marítimo-terrestre por aquelas actividades ou instalacións que, pola súa natureza, non poidan ter outra localización, concretando que esas actividades ou instalacións son as que desempeñan unha función ou presten un servizo que, polas súas características, requira a ocupación do dominio público marítimo-terrestre e as de servizo público ou ao público que, pola configuración física do tramo de costa en que resulte necesario o seu emprazamento, non poidan localizarse nos terreos estremeiras co dito dominio, ademais de esixir que en todo caso a ocupación debe ser a mínima posible.

Na consideración sexta da resolución da Dirección Xeral da Costa e do Mar, do Ministerio para a Transición Ecolóxica e o Reto Demográfico, do 26.06.2025, considérase que cabe estimar as alegacións presentadas o 29.07.2021 polas peticionarias en canto a que a ocupación supón unha ocupación secundaria e accesoria respecto ao obxecto principal da actividade que se desenvolve en terreos de titularidade privada, derivada da propia configuración do deslinde nesa zona, non producindo, ademais, a demolición das instalacións localizadas actualmente en dominio público marítimo-terrestre ningún beneficio aparente ao uso e aproveitamento público do mesmo, estando a dita ocupación localizada fóra da ribeira do mar.

3. Polo que se refire ao prazo, o artigo 2 da Lei 2/2013, do 29 de maio, de protección e uso sostible do litoral e de modificación da Lei 22/1988, do 28 de xullo, de costas, desenvolvido polo artigo 172 do Regulamento Xeral de Costas, prevé o trámite para a prórroga das concesións para a ocupación do dominio público marítimo-terrestre





existentes outorgadas antes da entrada en vigor da Lei 2/2013, do 29 de maio, establecendo un prazo máximo de duración de 75 anos.

Adicionalmente, o apartado 1 da disposición transitoria decimosexta do Real Decreto 876/2014, de 10 de outubro, polo que se aproba o Regulamento Xeral de Costas, establece que se considerará en todo caso incompatible cos criterios de ocupación do dominio público establecidos na Lei 22/1988, do 28 de xullo, o mantemento de concesións a perpetuidade, por tempo indefinido ou sen prazo limitado. En todo caso, entenderase que as concesións vixentes antes do 29.07.1988 foron outorgadas por un prazo máximo de 30 anos a contar desde esa data, sen prexuízo de que poidan ser prorrogadas de acordo co artigo 2 da Lei 2/2013, do 29 de maio.

Consecuentemente, o prazo desta concesión venceu o 29.07.2018.

O prazo de prórroga previsto na Lei 2/2013, do 29 de maio, e no artigo 174 do Regulamento Xeral de Costas, non pode ser entendido como un novo prazo máximo a sumar ao propio inicial da concesión, senón que ha de respectar o prazo máximo de 75 anos establecido no artigo 93.3 da Lei 33/2003, do 3 de novembro, do Patrimonio das Administracións Públicas.

Este mesmo criterio é o recollido no artigo 20.4 da Lei 7/2021, do 20 de maio, de cambio climático e transición enerxética, no que se establece que *"los plazos de duración de los títulos de ocupación del dominio público marítimo-terrestre se computarán desde su otorgamiento e incluirán todas sus prórrogas, de ser estas posibles, sin superar los plazos máximos establecidos en la Ley 22/1988, de 28 de julio, de Costas y en la Ley 33/2003, de 3 de noviembre, de Patrimonio de las Administraciones Públicas, siendo nulos de pleno derecho los actos administrativos que se dicten tras la entrada en vigor de esta ley en incumplimiento de lo previsto en este artículo."*

4. A solicitude de prórroga foi formulada con anterioridade aos seis meses previos á extinción do prazo, polo que, de acordo co artigo 172.2 do Regulamento Xeral de Costas, o prazo da prórroga se debe computar desde a data da súa solicitude. Xa que logo, o prazo da prórroga se contará a partir do 30.05.2017 e non excederá de 75 anos computados desde outorgamento inicial da concesión.

Tendo en conta o establecido nos artigos 117.1.a, 135.3 e 135.4, para determinar a duración das concesións e as súas posibles prórrogas, o prazo máximo polo que se podería prorrogar esta concesión é de dez (10) anos, prorrogable por prazos de igual o inferior duración ata un máximo de trinta (30) anos, isto é, ata o 30.05.2047 como máximo.

Non obstante, tendo en conta que o anterior establece un prazo máximo e que,





segundo o artigo 20 da Lei 7/2021, do 20 de maio, de cambio climático e transición enerxética, a xestión das prórrogas dos títulos de ocupación do dominio público marítimo-terrestre se levará a cabo de acordo co establecido no título III da Lei 22/1988, do 28 de xullo, de costas, conforme ao artigo 135.4 do Regulamento Xeral de Costas relativo á duración das concesións, e que a concesión se outorgou inicialmente o 16.11.1962, a mesma non se poderá estender máis aló do 16.11.2037, polo que, para cumprir todos os preceptos citados, o prazo da prórroga será de dez (10) anos, prorrogables por prazos de igual o menor duración como máximo ata o 16.11.2037.

5. A Subdirección Xeral para a Protección do Mar informou que os efectos da actuación sobre os obxectivos ambientais da estratexia mariña da Demarcación Mariña Noratlántica, en principio, non porá en risco a consecución do bo estado ambiental, sempre que se cumpran as condicións que figuran no seu informe

6. Segundo o artigo 84 da LC, toda ocupación ou aproveitamento do DPMT en virtude dunha concesión ou autorización, calquera que fora a Administración outorgante, devindicará o correspondente canon en favor da Administración do Estado, sen prexuízo dos que sexan exixibles por aquela, estando obrigados ao pago do canon os titulares das mencionadas concesións e autorizacións.

Ao respecto, cómpre advertir que, de conformidade co disposto no apartado C.1. do Acordo de traspaso de funcións e servizos da Administración do Estado á Comunidade Autónoma de Galicia en materia de ordenación e xestión do litoral, aprobado polo Real Decreto 394/2025, do 13 de maio, a Administración Xeral do Estado resérvase as funcións de fixar o importe do canon pola utilización ou aproveitamento do dominio público marítimo terrestre, de exercer a titularidade sobre os dereitos económicos devindicados por estes conceptos, así como recadar os seus importes.

Na resolución da Dirección Xeral da Costa e do Mar do Ministerio para a Transición Ecolóxica e o Reto Demográfico, do 26.06.2025, de sometemento de condicións e prescricións baixo as que podería outorgarse a prórroga extraordinaria prevista no artigo 2 da lei 2/2013, do 29 de maio, establécese o seguinte con respecto ao canon:

"El canon puede ser revisado por la Administración cuando varíe el valor de la base imponible utilizada para su cálculo. Al haber variado dicha base procede a recalcular el canon en base a los artículos 84.3 de Ley de Costas, y 181.3 del Reglamento General de Costas, por el que se modifica el Reglamento General de Costas.

A efectos del cálculo, hay que tener en cuenta, que en la presente resolución se procede a calcular el canon correspondiente a la superficie de las instalaciones existentes objeto de la prórroga, que ascienden a 240 m², mientras que en el informe





emitido con esta misma fecha dirigido a Augas de Galicia, se procede a calcular el canon correspondiente a la concesión, una vez que se modifique para incluir las nuevas tuberías y habiéndose retirado las tuberías actuales de captación, quedando en ese momento la superficie fijada en 297,71 m².

De acuerdo con lo anterior, se procede a calcular el canon de la superficie ocupada objeto de este expediente, según el siguiente cálculo:

A.- Base (Valor de suelo + Beneficios)

- Valor del bien ocupado aplicable a los terrenos contiguos a sus zonas de servidumbre que tienen un aprovechamiento similar a los usos que se proponen para el dominio público (finca catastral 6345409NG1964N0001KA) = 194,54 €/m²

Superficie total ocupada = 240 m² (correspondientes a 160 m² de explanada y 80 m² de tuberías)

- Beneficios que no puede ser inferior al 20% de la inversión actualizado:

PEM proyecto original (oct1959) = 51.330 ptas = 308,50 €

IPC (ene1961- abril25) = 4.527,50%

PEM proyecto original (abril25) = 14.275,84 €

Beneficios unitarios = 20% (14.275,84 €/ 240 m²) = 11,89 €/m²

B.- Canon (Base x tipo de gravamen)

Canon unitario = 8% (194,54 + 11,89) = 16,51 €/m² y año

Canon total 16,51 x 240 = 3.962.40 €/año"

Tendo en conta o anterior, a tramitación de calquera procedemento de modificación do importe do canon, así como os requirimentos de documentación que poida ocasionar este procedemento, entrarían dentro do ámbito das competencias da Administración Xeral do Estado, de conformidade co Real decreto 394/2025, do 13 de maio.

7. Ao tratarse dunha ocupación secundaria e accesoria asociada a unha actividade económica que se leva a cabo en instalacións situadas fóra do dominio público





marítimo-terrestre, considérase que non resulta necesaria a tramitación dun procedemento de concorrência competitiva.

III. RESOLUCIÓN

Á vista de canto antecede e da proposta do Servizo do Litoral de Pontevedra,

RESOLVO

OUTORGAR a Amalia Vidal Iglesias a prórroga por un prazo de dez (10) anos, que vence o 30.05.2027, prorrogable por prazos de igual ou inferior duración ata como máximo o 16.11.2037, da concesión da que é titular, outorgada inicialmente a Salvador Vidal Santos por Orde Ministerial do 16.11.1962 para a ocupación de terreos de dominio público marítimo-terrestre con destino a un galpón e unha tubaxe de toma de auga de mar, no termo municipal de Sanxenxo (Pontevedra), con suxeición ás condicións e prescricións sinaladas nesta resolución.

Contra esta resolución, que non pon fin á vía administrativa, cabe interpoñer un recurso de alzada ante a conselleira de Medio Ambiente e Cambio Climático no prazo dun mes, que se contará desde o día seguinte ao da notificación desta resolución, de conformidade co previsto nos artigos 121 e 122 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas (BOE núm. 236, do 02.10.2015).

Notifíquese esta resolución ás persoas interesadas.

Santiago de Compostela, na data da sinatura electrónica

A directora xeral de Enerxías Renovables e Cambio Climático
Paula Uría Traba





CONDICIÓNS XERAIS PARA AS CONCESIÓNS DEMANIAIS NOS ESPAZOS TERRESTRES DO DOMINIO PÚBLICO MARÍTIMO-TERRESTRE

1ª. A presente concesión, que non implica a cesión do dominio público nin das facultades dominicais do Estado, outórgase con suxeición ao disposto na Lei 4/2023, do 6 de xullo, de ordenación e xestión integrada do litoral de Galicia e na Lei 22/1988, do 28 de xullo, de Costas e o seu regulamento de desenvolvemento.

2ª. Esta concesión outórgase polo prazo que se establece nas condicións particulares. O seu cómputo iníciase o día seguinte ao da data de notificación do outorgamento ao concesionario. As súas posibles prórrogas axustaranse ao establecido na lei de costas e no seu regulamento de desenvolvemento.

3ª. As obras realizaranse de acordo co proxecto subscrito por facultativo competente, coas determinacións e modificacións que neste se indiquen. A súa execución, levarase a cabo baixo o exclusivo risco e responsabilidade do concesionario, que deberá designar como director das obras a unha persoa facultativa competente.

4ª. Esta concesión non implica a asunción de responsabilidades pola consellería competente en materia de litoral en relación co proxecto e a execución e explotación das obras e instalacións, tanto respecto a terceiros como ao concesionario.

5ª. O outorgamento desta concesión non exime ao seu titular da obtención dos títulos habilitantes e outras autorizacións que sexan preceptivas e, en particular, a de vertido ao mar de augas residuais ou conexión, no seu caso, á rede de saneamento xeral.

6ª. Esta concesión non implica a autorización para levar a cabo actividades auxiliares fora dos límites desta, tales como provisiones, almacenamentos ou depósito dos residuos da explotación, nin para facer publicidade audiovisual, salvo aquela que sirva para indicar o título e uso da concesión, previa conformidade do Servizo do Litoral correspondente.

7ª. O concesionario queda obrigado a instalar e conservar ás súas expensas a sinalización terrestre provisional durante as obras, así como a definitiva, que deberá incluír a dos accesos e zonas de uso público.

8ª. O concesionario queda obrigado a presentar o título desta concesión dentro do prazo de trinta (30) días, contados desde o seguinte ao da notificación do outorgamento, na oficina liquidadora que corresponda, para os efectos de satisfacer, se procede, o Imposto Xeral sobre Transmisións Patrimoniais e Actos Xurídicos Documentados, conforme ao texto refundido do devandito Imposto,

DIRECCIÓN XERAL DE ENERXÍAS RENOVABLES E CAMBIO CLIMÁTICO
CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE E CAMBIO CLIMÁTICO

Edificio Administrativo San Lázaro, s/n
15781 Santiago de Compostela
dxercc.medioambiente@xunta.gal
www.xunta.gal





actualmente vixente, e a entregar o xustificante diso no Servizo do Litoral correspondente.

No mesmo prazo, deberá entregar a documentación que acredite a constitución, se procede, na Caixa Xeral de Depósitos da Xunta de Galicia (na Consellería de Facenda ou nas Delegacións Provinciais da ATRIGA), da fianza definitiva equivalente ao 5 por 100 do orzamento total das obras e instalacións a realizar no dominio público.

9ª. O concesionario queda obrigado a repoñer e conservar os fitos do deslinde aos que estea referida a concesión, na forma que lle indique o Servizo do Litoral correspondente.

10ª. O concesionario será responsable dos danos e os prexuízos que poidan causar as obras autorizadas, directa ou indirectamente, nas praias e costas inmediatas ou próximas, a xuízo do Servizo do Litoral correspondente, debendo presentar para estes efectos no prazo que se lle sinale, o proxecto que comprenda as obras necesarias, que deberá realizar ás súas expensas a fin de reparar os danos causados.

Logo de que o órgano competente en materia de litoral acepte o devandito proxecto, o concesionario realizará as obras no prazo que se lle indique.

Canon, taxas e gastos

11ª. A Administración Xeral do Estado resérvase as funcións de fixar o importe do canon pola utilización ou aproveitamento do dominio público marítimo-terrestre e de exercer a titularidade sobre os dereitos económicos devindicados pola utilización ou aproveitamento do dominio público marítimo-terrestre, sen prexuízo da competencia da Comunidade Autónoma de Galicia para establecer outros canons por explotación de actividade.

Previamente ao comezo das actuacións, o solicitante deberá dirixirse ao órgano competente da Administración do Estado (Demarcación de Costas de Galicia ou Servizo Provincial de Costas correspondente do Ministerio para la Transición Ecológica y el Reto Demográfico) para a liquidación e abono do canon correspondente pola ocupación do dominio público marítimo terrestre, en virtude do establecido nos artigos 181 e 182 do Regulamento Xeral de Costas e deberá entregar xustificante diso no Servizo do Litoral correspondente.

Reformulo das obras

12ª. O concesionario solicitará ao Servizo do Litoral provincial correspondente, coa suficiente antelación para que as obras poidan comezar dentro do prazo, a comprobación do reformulo destas, que se practicará coa asistencia do concesionario e do seu director de obra, levantándose acta e planos xeral e de





detalle, correspondéndolle a súa aprobación ao órgano competente en materia de litoral, se procede.

Nos devanditos planos deberán representarse, polo menos, coas suficientes referencias fixas:

- a) O deslinde do dominio público (liñas interior e exterior da zona marítimo-terrestre e, no seu caso, liña de praia ou doutras pertenzas do dominio público marítimo-terrestre).
- b) No seu caso, os accesos públicos ao dominio público marítimo ata a súa conexión con viarios públicos.
- c) O dominio público en concesión e a súa ocupación coas obras do proxecto, así como todas aquelas seccións que sexan necesarias para a súa definición.
- d) As zonas de distinto uso, público e privado.

Tanto na acta como nos planos, consignaranse as medicións das superficies mencionadas e o seu carácter.

Execución das obras

13ª. O concesionario comezará ás obras e as terminará totalmente nos prazos que se sinalen las condicións particulares, ambos contados desde o día seguinte ao da data de notificación da concesión.

14ª. O concesionario non poderá ocupar para a execución das obras espazo algún do dominio público fora do autorizado especialmente para iso polo Servizo do Litoral correspondente.

15ª. Se transcorrido o prazo sinalado para o comezo das obras, estas non se iniciaron e o concesionario non solicitou a prórroga daquel, a Administración poderá declarar resolta ou anulada a concesión, quedando a favor da Administración autonómica a fianza constituída.

16ª. O Servizo do Litoral provincial correspondente poderá inspeccionar en todo momento a execución das obras para comprobar se se axustan ao proxecto en base ao cal se outorgou a concesión. Se apreciase a existencia de desviacións, ordenará a paralización das obras segundo o establecido no artigo 103 da Lei de Costas, incoando, no seu caso, os expedientes que correspondan e, en particular, o de caducidade cando as modificacións sexan de sensible importancia.

17ª. Se o concesionario incumprise o prazo de terminación das obras sen solicitar a prórroga do mesmo, será potestativo do órgano competente, ou concederlle unha prórroga do devandito prazo, con posibilidade dunha sanción de ata o 10% do





orçamento total das obras, ou incoar o expediente de caducidade da concesión. Se se concedese a dita prórroga, será a última que se poderá outorgar nestas condicións, polo que un novo incumprimento levará necesariamente á incoación do expediente de caducidade da concesión.

18ª. Se o concesionario, antes de terminar as obras e instalacións, renunciase total ou parcialmente á concesión, perderá a fianza constituída, a menos que demostrase que a renuncia foi motivada pola denegación, por parte doutros organismos oficiais, dos títulos habilitantes, permisos ou outras autorizacións necesarias. Ademais, salvo decisión contraria do órgano competente, quedará obrigado a levantar as obras e instalacións á súa costa, deixando o terreo da concesión libre de toda ocupación, no prazo de que se lle sinale.

Recoñecemento das obras

19ª. Terminadas as obras, o concesionario presentará o certificado final da obra, subscrito polo seu director e visado polo seu colexio profesional, no que deberán estar incluídas todas as obras, mesmo, no seu caso, as correspondentes á vertedura de augas residuais ao mar, e solicitará ao Servizo do Litoral provincial correspondente o recoñecemento final destas, que se practicará con asistencia do concesionario e do seu director de obra, levantándose acta e planos cos mesmos requisitos que os de reformulo. O incumprimento desta condición levará necesariamente á incoación do expediente de caducidade da concesión.

20ª. A fianza definitiva devolverase ao concesionario ao ano da aprobación da acta e os planos de recoñecemento final das obras polo órgano competente. As ditas obras substituirán entón á fianza e responderán do cumprimento das cláusulas desta concesión, cando fose procedente.

Conservación das obras

21ª. O concesionario queda obrigado a conservar e manter as obras e terreos concedidos en perfecto estado de utilización, mesmo desde os puntos de vista de limpeza, de hixiene e de estética, realizando ao seu cargo os traballos de conservación e mantemento e cantas reparacións sexan precisas para iso. Cando estas teñan o carácter de gran reparación, o concesionario deberá presentar previamente o proxecto correspondente, para a súa aceptación pola Administración, no seu caso.

22ª. O Servizo do Litoral correspondente poderá inspeccionar en todo momento o estado de conservación e mantemento das obras e terreos concedidos e sinalar as reparacións e outras accións que deban realizarse para o cumprimento dos termos da concesión. O concesionario queda obrigado a executalas no prazo que se lle indique e na forma establecida na anterior condición.





Se o concesionario non realizase estas actuacións no prazo establecido, o órgano competente da Administración Autonómica poderá impoñerlle unha sanción económica que non exceda do 10 por 100 do orzamento total das obras autorizadas, concedéndolle un novo prazo de execución. Se o concesionario non executase as reparacións neste novo prazo, incoarase o expediente de caducidade da concesión.

23ª. A destrución de todas ou da maior parte das obras autorizadas por medio de concesión, sempre que se deba a causas de forza maior, dará dereito ao concesionario a optar entre a renuncia á concesión sen dereito a indemnización algunha e coa obrigación de demoler e retirar os restos das obras, ou a reconstrución ás súas expensas destas no prazo que lle sinale o órgano competente. Se a destrución ocorrese por dolo ou culpa do concesionario ou persoas que del dependan, a opción anterior corresponderá ao órgano competente, aínda que no caso de que o concesionario non presente a renuncia á concesión, instruirase o expediente de caducidade desta.

24ª. Se o concesionario, unha vez terminadas as obras e aprobada a acta de recoñecemento final destas, renunciase total ou parcialmente á concesión, quedará obrigado, de acordo co que determine o órgano competente, a entregar as obras e instalacións ao dominio público estatal ou a levantalas á súa costa, deixando neste último caso o terreo total ou parcialmente libre de ocupación.

Uso e explotación

25ª. O concesionario non poderá destinar os terreos de dominio público concedidos, nin as obras neles executadas, a usos distintos dos expresados na concesión.

26ª. Se durante a vixencia da concesión advertísese a realización de obras ou usos non amparados por esta, o Servizo do Litoral provincial correspondente ordenará, respectivamente, a súa paralización ou suspensión, na forma e cos efectos previstos no artigo 103 da Lei de Costas. Se as infraccións cometidas fosen de importancia notoria, incoarase, así mesmo, o expediente de caducidade da concesión.

Transferencia

27ª. A transferencia das concesións axustarase ao establecido no artigo 70.2 da Lei de Costas.

Outras disposicións

28ª. O concesionario estará obrigado a cumprir as disposicións vixentes ou que en diante se diten, que afecten ao dominio público concedido e ás obras e ás actividades que no mesmo se desenvolvan, especialmente, as correspondentes á ordenación do dominio marítimo e á Lei de zonas e instalacións de interese para a





defensa nacional, sen que as que se executen nin o seu uso poida ser obstáculo para o exercicio das servidumes de tránsito, protección e acceso ao mar.

Rescate da concesión

29ª. A Administración Xeral do Estado resérvase a función de rescate das concesións demaniais cando a presenza dunha razón de interese xeral vinculada ao seu ámbito de competencias así o esixa.

Revogación

30ª. Cando sen intervención da Administración, varíen os supostos físicos sobre os que se outorgou a concesión, a Administración poderá modificar ou declarar resolta a mesma en función das variacións ocorridas e normativa aplicable, sen que o concesionario teña dereito a indemnización.

Vencemento do prazo concesional

31ª. Cando, por vencemento do prazo concesional, se produza a reversión, quedarán extinguidos automaticamente, sen necesidade de declaración expresa, os dereitos reais ou persoais que puidesen ostentar terceiras persoas sobre o dominio público concedido e as obras e instalacións obxecto da concesión. Tampouco asumirá a Administración os contratos de traballo que puidese concertar o concesionario para o exercicio da súa actividade empresarial, sen que, por tanto, poida en forma algunha entenderse que a reversión implica a substitución de empresa prevista na lexislación laboral vixente.

32ª. Terminado o prazo concesional, reverterán ao dominio público estatal os terreos, obras e instalacións obxecto da concesión, estando obrigado o concesionario, ás súas expensas, á demolición e retirada das devanditas obras e instalacións, parcial ou totalmente, mesmo coa reposición do terreo ao seu anterior estado, no prazo que se lle sinale e sen dereito a indemnización algunha, excepto no caso de que a Administración durante o prazo de tantos meses, antes do vencemento do prazo concesional, como anos teña este, de propia iniciativa ou a pedimento do concesionario, declare que, dado que se mantén o interese público das obras e instalacións, procede o seu mantemento para continuar a súa explotación na forma que se determine.

Levantarase acta da recepción dos bens revertidos pola Administración, en presenza do concesionario, se comparecese.

Procedemento sancionador, caducidade e apremio

33ª. O incumprimento total ou parcial das condicións e prescricións impostas na concesión dará lugar á incoación do expediente sancionador por infracción





contemplada na Lei 22/1988, do 28 de xullo, sen prexuízo de que, cando a xuízo da Administración, a infracción puidese ser constitutiva de delito ou falta, esta pasará o tanto de culpa á xurisdición competente.

34ª O incumprimento polo concesionario daquelas condicións particulares e prescricións que se determinen especificamente será causa de incoación do correspondente expediente de caducidade.

Os demais supostos de incumprimento poderán así mesmo ser causa de caducidade da concesión, especialmente cando existan reiteradas infraccións dunha ou varias das restantes condicións.

A declaración de caducidade supoñerá a perda da fianza ou fianzas constituídas, no caso de que aínda non se devolveran, podendo levar aparellada, a criterio do órgano competente, a demolición e a retirada das obras e instalacións, parcial ou total, a cargo do concesionario, mesmo con reposición do terreo ao seu anterior estado, no prazo que se lle sinale e sen dereito a indemnización algunha.

A tramitación do expediente de caducidade realizarase con independencia da incoación do procedemento sancionador que proceda.

35ª. Cando o concesionario obrigado a iso non leve a cabo as accións que o órgano competente lle ordene en aplicación das condicións correspondentes, este, de conformidade co artigo 110 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, poderá executalas subsidiariamente, sendo o importe dos gastos así como dos danos e os prexuízos a cargo do concesionario.

36ª. Se, en virtude das actuacións practicadas, o concesionario tivese que satisfacer á Administración cantidade líquida, en caso de falta de pagamento, seguirase o procedemento de apremio correspondente.





CONDICIÓNS PARTICULARES E PRESCRICIÓNS

I. CONDICIÓNS PARTICULARES

1ª. Esta concesión outórgase por un prazo de dez (10) anos, que vence o 30.05.2027, prorrogable por prazos de igual ou inferior duración como máximo ata o 16.11.2037, se persisten as causas de utilidade pública que motivan o outorgamento da concesión.

As prórrogas outorgaranse ou denegaranse en función dos estudos e informes sobre seguimento da actividade e os seus efectos sobre o dominio público marítimo-terrestre. Para o dito seguimento, o concesionario deberá presentar ante o Servizo do Litoral de Pontevedra desta consellería os oportunos informes sobre os efectos da actividade no dominio público marítimo terrestre, realizados con solvencia científica, cunha periodicidade mínima de cinco anos, partindo da situación actual.

2ª. As obras que se outorgan na presente concesión son as incluídas no documento *"Concesión de terreos na zona marítimo terrestre da Ría de Pontevedra, Sangenjo, para Construcción de un galpón y tubería de suministro de agua a unos pilones de lavado y conservación de marisco"*, subscrito polo enxeñeiro de camiños José María Gómez-Morán Cima en outubro de 1959 e os seus anexos.

3ª. O concesionario aboará no Tesouro Público o importe correspondente o canon calculado pola Administración Xeral do Estado a razón de dezaseis con cincuenta e un (16,51) euros por metro cadrado e ano da superficie de dominio público marítimo-terrestre outorgada nesta concesión, debendo presentar os correspondentes xustificantes de pago ante o órgano competente.

O canon revisarase periodicamente pola Administración Xeral do Estado na medida en que aumente ou diminúa o valor dos sumando que serviron para determinar a súa base de liquidación.

4ª. Ao non ser obxecto da concesión a construción de ningunha instalación nin edificación, senón o simple mantemento das instalacións existentes, o concesionario estará exento da presentación da fianza prevista no artigo 88.2 da Lei 22/1988, do 28 de xullo, sempre que se manteña a concesión no seu estado actual.

II. PRESCRICIÓNS

A. A utilización do dominio público marítimo-terrestre outorgado en concesión será de carácter xeral, público e gratuíto.

B. Deberá quedar garantida, en todo caso, a servidume de tránsito que contempla a lexislación de costas, adecuando os medios necesarios para manter a mesma.

DIRECCIÓN XERAL DE ENERXÍAS RENOVABLES E CAMBIO CLIMÁTICO
CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE E CAMBIO CLIMÁTICO

Edificio Administrativo San Lázaro, s/n
15781 Santiago de Compostela
dxercc.medioambiente@xunta.gal
www.xunta.gal





C. O concesionario deberá cumprir o sinalado polos organismos oficiais que informaron o proxecto e o que, no seu caso, estableza a tramitación ambiental.

D. O outorgamento desta concesión non exime ao seu titular da obtención das licenzas, permisos e autorizacións legalmente procedentes.

E. Advírtese expresamente que a zona sobre a que está previsto situar as instalacións pode ser inundable pola súa propia natureza, polo que o concesionario asume todos os riscos e danos derivados, tanto para as instalacións como para os seus usuarios, do devandito emprazamento e da súa proximidade ao mar, debendo establecer as medidas de seguridade e vixilancia oportunas.

F. En relación coa explotación das instalacións xa existentes, deberase ter en conta o seguinte:

1. Con relación á instalación existente e á vista da súa posible afección ao litoral, o concesionario estará obrigado a modificar a posición desta no que resulte necesario, e mesmo ao seu desmonte e retirada á súa costa, antes do vencemento da concesión.

2. A explotación deberase levar a cabo utilizando as mellores técnicas construtivas como o proceso construtivo deberanse levar a cabo utilizando as mellores técnicas dispoñibles, de forma que o impacto ambiental se reduza ao mínimo. En todo caso, deberán seguirse as instrucións que respecto diso se diten polos órganos competentes.

3. O concesionario será responsable de todos os danos e prexuízos para as persoas, as cousas e o medio ambiente que se poidan derivar da actividade, directa ou indirectamente, da realización das obras ou da actividade, na mar, no seu leito e subsolo, e en xeral, nos bens de dominio público marítimo-terrestre, debendo presentar para estes efectos, no prazo que se sinale, o proxecto que comprenda as obras necesarias, que deberá realizar ás súas expensas a fin de reparar os danos causados.

4. Deberá conservar as obras en bo estado e repara os danos que se produzan como consecuencia da ondada ou outros. O concesionario será responsable de evitar calquera eventual vertido de augas residuais

5. Todas as consideracións anteriores, así como calquera incidencia no medio ambiente que poida xurdir, serán analizadas no recoñecemento final das obras mesmas polo Servizo do Litoral, que deberá subscribir a acta e plano que se levanten, ben de conformidade ou, no seu caso, con reparos. Un





exemplar da devandita acta e plano, unha vez aprobadas, deberá remitirse a Dirección Xeral de Enerxías Renovables e Cambio Climático. Na acta de recoñecemento final das obras e no plano, deberá determinarse e representarse a ocupación do dominio público marítimo-terrestre en concesión, así como todas aquelas seccións que sexan necesarias para a súa definición. Tanto na acta como nos planos, consignaranse as medicións das superficies ocupadas. No caso de que sexa necesario, se esixirá un proxecto de acondicionamento e mellora da contorna ambiental, a tenor do impacto producido polo establecemento e implantación das instalacións. Se fose necesario, a explotación non comezará ata realizar a execución do mencionado proxecto.

G. O incumprimento de calquera das anteriores prescricións ou os casos indicados no artigo 79 da Lei 22/1988, do 28 de xullo, darán lugar á caducidade da concesión con independencia da tramitación do expediente sancionador que corresponda.

